

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA (FEAFES GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE CAPTACIÓN E ATENCIÓN PRECOZ A FAMILIARES/COIDADORES EN PRIMEIROS EPISODIOS DE ENFERMIDADE MENTAL GRAVE E PERSISTENTE, E COLABORACIÓN NA FORMACIÓN CONTINUA DIRIXIDA AOS PROFESIONAIS DE CENTROS SOCIOSANITARIOS VINCULADOS Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 08.07.2020 o convenio arriba referido coa Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES Galicia), por un período de vixencia que vai dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento dun programa de captación e atención precoz a familiares e coidadores no primeiro episodio/diagnóstico de enfermidade mental grave e persistente no ámbito territorial de actuación de FEAFES Galicia, que abrangue a todo o territorio da comunidade autónoma, cos seguintes obxectivos:

- En coordinación cos profesionais das Unidades de Hospitalización Psiquiátrica e das Unidades de Saúde Mental, captación dos usuarios beneficiarios deste programa e presentación dos servizos que ofrece.
- En colaboración cos profesionais das Unidades de Hospitalización Psiquiátrica e das Unidades de Saúde Mental, poñer a disposición dos familiares de referencia nos primeiros episodios da enfermidade a un familiar do movemento asociativo e un profesional (licenciado en psicoloxía) que lle ofrezan apoio emocional e información. O apoio poderá ser presencial ou telefónico (teléfono 900 gratuíto).
- Ofrecer de xeito continuado, e en colaboración cos coordinadores das áreas sanitarias, un programa formativo en enfermidade mental para os familiares de referencia no primeiro episodio da enfermidade.
- Intervencións individuais con cada familia, orientadas a dotalas das estratexias e habilidades para afrontar a presenza dunha enfermidade mental grave e crónica na familia e manexar as situacións difíciles derivadas dela.

Ademais, FEAFES Galicia colaborará achegando os seus profesionais nos programas de formación continua dirixido aos profesionais dos centros sociosanitarios receptores de enfermos mentais graves e persistentes. A selección dos devanditos centros farase de xeito coordinado coa Subdirección Xeral de Atención Primaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa á que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

No ámbito da nosa comunidade, a prevalencia do trastorno mental persistente e o modelo de atención na saúde mental, prioriza a atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.

A Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (en adiante, FEAFES Galicia) é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio ós enfermos mentais e ás súas familias, tendo como un dos seus fins a información, formación, divulgación e sensibilización social da poboación sobre esta enfermidade.

FEAFES Galicia cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Ámbalas dúas partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas promovendo a divulgación da enfermidade e dando a coñecer a importancia real que ten o problema de saúde e a integración social, así como o establecemento de programas de estadías de ocio ás persoas con enfermidade mental, e apoio aos seus coidadores, para os efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas e dos seus familiares.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

